

# Suso de Toro de volta



**FÓRA DE SI**  
**SUSO DE TORO**  
Edicións Xerais. Vigo, 2018  
17 euros

ogo de algo que máis que ameaza soaba a decepción, despois de ter anunciado non volver publicar libros, Suso de Toro (para pracer dos seus lectores, entre dos que me conto: dixerunha vez que a escrita de De Toro cría adicción, non me arrepiño), volve publicar con certa regularidade.

Tamén na prensa escrita, por máis que esta nunca terminara de deixala. Últimamente con algun artigo polémico sobre a RAG, institución á que –por certo– non pertence Suso de Toro, tampouco Alfredo Conde e algún outro que faría a lista ampla de máis.

Do ninguneo a Cartvalho Calero nada engadirei que non teña dito, por activa e pasiva. Simplemente que o outro día, en Ferrol, citei nun acto “ad hoc” ao Mestre do Ferrol Vello, unhas palabras deste verbo do desprezo que por el sentían os organismos oficiais, por coídalos “corruptor da mocidade” (sic).

En fin, que o mar anda un pouco revoltado e, por iso, compren “excitadores” como De Toro para que dean chicotazos nas ondas, a ver se de tanto revirarse reaccionan, non sei.

Mais o chamativo é que veño de ler unha novela máis, de Suso de Toro, *Fóra de si* (Edicións Xerais, Vigo, 2018), co confort de sempre. O que me causa un autor ao que lle teño apañado o tintimán, que din ou dicían en Vigo, outros dín o tranquiño ou tranqanillo, e por iso.

O que non quere dicir que este

“Mais o chamativo é que veño de ler unha novela máis, de Suso de Toro, *Fóra de si* (Edicións Xerais, Vigo, 2018), co confort de sempre. O que me causa un autor ao que lle teño apañado o tintimán, que din ou dicían en Vigo, outros dín o tranquiño ou tranqanillo, e por iso”

“O seu é unha desfeita profesional e privada, en loita co alcohol e en trance de recuperarse da desfeita matrimonial”

autor se teña aburguesado ou bote man de manierismo autosatisfactorios. Non.

Máis ben é que os personaxes de De Toro adoitan ter crises de identidade, conflitos familiares non respitos, edipos ou electras en liorta perenne, e bótalle fío so papaventos do autocoñecemento.

Desta maneira, o protagonista da última aventura narrativa de Suso de Toro é un neurocirurxán que procura axuda so da terapia dun antigo compañeiro de estudos.

O seu é unha desfeita profesional e privada, en loita co alcohol e en trance de recuperarse da desfeita matrimonial no que ten caído.

Polo medio vaga a figura dun pai ausente (mental) ao que se dirixe sen agardar resposta, nesa vella artimaña tan camusiana, para que saibamos máis dos dous.

O home que protagoniza a novela de De Toro, en clara fuxida cara a adiante marcha para a aldea, onde enceta unha boroa vital/ sentimental, que aportará novas claves para saír do labirinto no que se atopa.

E non direi máis para que sexa o lector quen destripe unha historia que apunta a varios carreiros que terminan confluíndo nun so, logo dalgunha pista falsa, que nos confirman a un Suso de Toro, moi, moi en forma.

Para satisfacción dos seus adictos que tanto botabamos de menos este aire radical dun autor non nada anecdótico.

## máis Libros

### A PRESENÇA DA IMAGEM NA MENTE

**TEORÍA DA IMAGEM**  
**MANUEL CEBRAL LOUREDA**  
Axóurere, 2018  
10 euros

Embora a imaxe seja cada vez mais comum, mesmo omnipresente nas nossas sociedades, sobretudo nas últimas décadas, a sua relação com a lógica e o pensamento ainda pode não ter sido esclarecida e liberada de maneira suficiente. Desde a presença da imaxe em nossas mentes, até a sua utilização na televisão, nos média ou na arte contemporânea, o autor tenta vincular todos esses registos com um mesmo fato, não necessariamente estético, mas que pensa um horizonte imagético e imaginário no que um devir possível (nos) aconteça individual e comunitariamente.


### Teoria da imagem

Manuel Cebral Loureda

axóurere

### UNHA VIAXE NA PROCURA DE RESPOSTAS

**ORYX E CRAKE**  
**MARGARET ATWOOD**  
TRADUCCIÓN: ESTELA VILLAR  
Rinoceronte Editora. 2018  
22,50 euros



“Home das Neves”, coñecido como Jimmy antes de que a humanidade fose devastada por unha praga, loita por sobrevivir nun mundo onde tal vez el sexa o derradeiro humano, mentres lamenta a perda do seu mellor amigo, Crake, e da fermosa e misteriosa Oryx, a quen os dous amaban.

O protagonista emprende unha viaxe a través da exuberante selva que ata hai pouco era unha gran cidade, na procura de respostas, e polo camiño iremos descubriendo como a humanidade acadou a súa destrución durante unha carreira incontrolada de enxeñaría xenética.

Atwood bota man do seu estilo agudo e humor negro para transportarnos a un futuro próximo e ao mesmo tempo afastado da nosa imaxinación.

A canadiana Margaret Atwood é coñecida principalmente pola súa narrativa con obras como “The Blind Assassin”, gañadora do Premio Booker, ou “Alias Grace” e “The Handmaid’s Tale”, levadas á televisión.